



LECTOESCRITURA E LATERALIDADE

O cerebro está formado por dous hemisferios simétricos. Cada un deles ten funcións para as cales está especializado, pero ambos participan en todas estas funcións, traballando conxuntamente en todas e cada unha das nosas interpretacións e respostas.



Fonte: SEK, xornadas xefaturas departamento orientación 2.014.

O **hemisferio esquerdo**, chamado tamén simbólico, lóxico, racional é o controlador da linguaxe e do procesamento secuencial da información.

O **hemisferio dereito**, chamado visual, emocional, holístico, encárgase de procesar a información córporeo-espacial, traballa con imaxes visuais e controla as funcións holísticas (relativas ao todo, que o considera todo á vez).

O acto de **ler**, cando se realiza **co hemisferio dereito**, está baseado en técnicas visoespaciais e holísticas, por exemplo palabras enteiras ou o método global. Este é o método de lectura que utilizamos na estimulación temperá e que pode comezarse a temperá idade. O neno/a pequeno é capaz de recoñecer palabras completas e pouco a



pouco vai asociando a grafía destas palabras aos seus sons de modo que lle será moi doado aprender a ler palabras novas por sí mesmo/a.

A lectura co hemisferio esquerdo implica descodificar símbolos individuais, construír palabras a partir de letras e estruturas baseadas na fonética. Está é a forma tradicional de aprender a ler, na que o neno/a vai interpretando letras de forma individual que van combinándose para reproducir os diferentes fonemas que forman as palabras.

Hai un momento no proceso de aprender a ler en que o EQUILIBRIO do cerebro pasa de dereita á esquerda, aproximadamente á idade de 6 ou 7 anos. O corpo caloso que divide os 2 hemisferios axuda ao traspaso de información entre hemisferios.

Ter en conta que para un desenvolvemento óptimo do corpo caloso é necesario o movemento.

"O movemento é a porta de entrada á aprendizaxe."
Paul Dennison

Isto pon de manifesto a importancia da motricidade na educación infantil, é un área do currículo moi importante.

A esta idade, cando comeza a aprendizaxe da lectura e a escritura no colexio, o neno/a necesita contar cunhas coordenadas ben definidas e estables e un punto de partida para poder organizar a información sobre o papel, para non confundir "a" con "o", as unidades e as decenas ou os conceptos anterior e posterior, engadir ou quitar, etc. Cando fallan estas coordenadas, prodúcese unha tendencia á desorde.

Por exemplo, as persoas disléxicas parece que prefiren métodos de aprendizaxe do hemisferio dereito. Cando escriben ou len teñen dificultade para aplicar técnicas do hemisferio esquerdo.

MIRE O GRÁFICO E DIGA O COLOR NON A PALABRA:

AMARELO AZUL LARANXA NEGRO ROXO

VERDE MORADO AMARELO VERMELLO

LARANXA VERDE NEGRO AZUL VERMELLO

MORADO VERDE AZUL LARANXA



Nesta proba hai que dicir as cores sen ler a palabra (que corresponde a unha cor diferente). Para realizar esta proba, debemos inhibir a lectura que realiza o hemisferio esquerdo para dicir a cor da palabra. O hemisferio esquerdo analiza as letras e le, o dereito vai ao conxunto, a imaxe e distingue a cor. Este é un exemplo de cómo compiten ambos hemisferios e como especialmente o hemisferio dominante (o esquerdo, o que interpreta as letras) intenta impoñerse sobre o labor do hemisferio subdominante (o dereito, o labor do cal é neste caso, recoñecer a cor). Nos nenos/as con problemas de lateralidade, nos que as dominancias non están claras, ambos os dous hemisferios compiten en lugar de colaborar, polo que, con esta proba podemos facernos unha idea do esforzo que están a realizar para poder levar a cabo actividades que son moito máis doadas para a maioría dos seus compañeiros/as.

“EL ODREN NO IPMOTRA”

NO IPMOTRA EL ODREN EN EL QUE LAS LTEARS ETSAN ERSCITAS, LA UICNA CSOA IPMORTNATE ES QUE LA PMRIREA Y LA UTLIMA LTERA ESETN ECSRITAS EN LA PSIOCION COCR RTEA.

Neste texto vemos unha proba de como colaboran os dous hemisferios á hora de ler no caso dun bo lector sen problemas de lateralidade e cun corpo caloso ben desenvolvido (recordemos que é este o que realiza o transvasamento de información dun hemisferio ao outro). Na lectura destas palabras desordenadas, o hemisferio esquerdo interpreta as letras e le propiamente o dito, pero o dereito recoñece as palabras como un todo, como unha imaxe, polo que impide que a desorde nas letras entorpeza a lectura.

Fontes empregadas texto:

-Hannaford, C. (2013). *Aprender moviendo el cuerpo. No todo el aprendizaje depende del cerebro*. Madrid: Pax México.

-Departamento de orientación CEIP Conmeníño, Grove: lectoescritura e lateralidade.